



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

ACTA Nº7/2025

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, 25 DE SETEMBRO DE 2025 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do Alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: ALFREDO DOVALE PEDREIRA

ASISTEN: PP

FRANCISCO JOSÉ CALVÍN FONDEVILA

MIGUEL FREIRE GÓMEZ

ALBA MARÍA MARTÍNEZ LÓPEZ

AZUCENA CAO SIERRA

JOSÉ MANUEL SANTEIRO FERNÁNDEZ

ENRIQUE OTERO REY

PSOE

ALFREDO GONZÁLEZ TRASANCOS

MARTÍN REGO BAAMONDE

SECRETARIA-INTERVENTORA: MARÍA VALIÑA GARRIDO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o Alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Sometidas a votación a aprobación da acta da sesión anterior, o Sr. Rego Baamonde manifesta “*Seguimos dicindo a necesidade de gravar os Plenos*”

O Pleno, co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular e o voto en contra dos Concelleiros do PS de G-PSOE, acorda aprobar a acta da sesión celebrada o día 4 de setembro de 2025.

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Nº Decreto	Asunto
00216/2025	APROBACIÓN PAGAMENTO DESPRAZAMENTOS SAF
00217/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA PLENO Nº 5/2025
00218/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA CONTRATACIÓN AUXILIAR ATENCIÓN OFICINA DE TURISMO



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

00219/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN PEÓN LIMPEZA VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS
00220/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN PERSOAL SAF
00221/2025	APROBACIÓN DE PERMISOS E LICENZAS DE PERSOAL
00222/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN ST. JAMES DIXIE BAND POR REDE CULTURAL 2025 EN SOULPORES.
00223/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN AUXILIAR ATENCIÓN OFICINA DE TURISMO
00224/2025	APROBACIÓN XERACIÓN DE CRÉDITOS EQUIPAMENTO PARA A BIBLIOTECA PUBLICA MUNICIPAL
00225/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN DA FAMILIA BOCAPRIER POR REDE CULTURAL 2025
00226/2025	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00227/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN FESTIVAL SOULPORES DE BLACK POR REDE CULTURAL 2025
00228/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN FESTIVAL SOULPORES ACTUACIÓN DE SABELA KING AND THE HEARTBREAKERS POR REDE CULTURAL 2025
00229/2025	APROBACIÓN CONCESIÓN TARXETA DE ESTACIONAMIENTO
00230/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN SONIDO PARA SOULPORES 2025
00231/2025	APROBACIÓN COPAGO SAF MAIO 2025
00232/2025	APROBACIÓN XERACIÓN DE CRÉDITOS RENOVACIÓN DO ALUMEADO NO PORTO DE BARES
00233/2025	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00234/2025	APROBACIÓN NON DIVISIÓN EN LOTES-MR701E PLAN CAMIÑA RURAL 2025-2026
00235/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN PROXECCIÓN WONKA POR REDE CULTURAL 2025
00236/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Nº 10/2025
00237/2025	APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, PLAN DE RESIDUOS E PROGRAMA DE TRABAJO - MELLORA DAS MARXES
00238/2025	APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, PLAN DE RESIDUOS E PROGRAMA DE TRABAJO - PAVIMENTACIÓN EN CASATEITE
00239/2025	APROBACIÓN ADXUDICACIÓN CARTEL INCENDIOS FORESTAIS 2025 2026
00240/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN SERVIZO DE IMPRENTA - PATROA 2025
00241/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN BANDA DE MÚSICA DE ORDES – PATROA 2025
00242/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ILUMINACIÓN - PATROA 2025
00243/2025	APROBACIÓN PAGAMENTO DESPRAZAMENTOS SAF
00244/2025	APROBACIÓN PERMISOS E LICENZAS DE PERSOAL



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

00245/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN AUXILIAR DE APOIO PARA SERVIZOS SOCIAIS
00246/2025	APROBACIÓN ALTA NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
00247/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN PERSOAL SAF
00248/2025	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00249/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA PLENO Nº 6/2025
00250/2025	APROBACIÓN ADQUISICIÓN TAZAS PARA NOITE MEIGA - PATROA 2025
00251/2025	APROBACIÓN ADQUISICIÓN AGUARDENTE PARA NOITE MEIGA – PATROA 2025
00252/2025	APROBACIÓN ACORDO ADHESIÓN CONVENIO ASINADO PARA A PRESTACIÓN MUTUA DE SOLUCIÓNS BÁSICAS DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL
00253/2025	APROBACIÓN CONCESIÓN PRAZA PAI
00254/2025	APROBACIÓN NON DIVISIÓN EN LOTES - ACONDICIONAMENTO E INSTALACIÓN DE CUBERTA PARA APARCADOIRO EN PARCELA MUNICIPAL DE O BARQUEIRO
00255/2025	APROBACIÓN CONCESIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO
00256/2025	APROBACIÓN NON DIVISIÓN EN LOTES - RENOVACIÓN ALUMEADO EN VARIOS LUGARES: SAN FIZ E OUTROS
00257/2025	APROBACIÓN COPAGO SAF XUÑO 2025
00258/2025	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN PROGRAMA B: MELLORA DAS COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS
00259/2025	APROBACIÓN ASINACIÓN CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL, CONCELLO DE MAÑÓN, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2025-2026, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PEPAC) 2023-2027
00260/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS Nº 2/2025
00261/2025	APROBACIÓN PROXECTO SUBSANADO SEGUNDO A 3ª COMUNICACIÓN DA DEPUTACIÓN "MELLORA DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN MEDIOAMBIENTAL RÍO SOR"
00262/2025	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00263/2025	APROBACIÓN PRESCRICIÓN DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

3.- DAR CONTA DO DECRETO Nº 261/2025, DE DATA 17 DE SETEMBRO.

Dáse conta ao Pleno que queda enterado do Decreto 261/2025, de data 17 de setembro, que se transcribe:

“D. Alfredo Dovale Pedreira, Alcalde do Concello de Mañón.

Con data 5 de febreiro de 2025 o Pleno da Corporación acordou aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025” da Deputación Provincial da Coruña, no que se incluía o proxecto MELLORA DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN MEDIOAMBIENTAL RÍO SOR.

A Deputación Provincial da Coruña con data 17 de marzo de 2025 comunica ao Concello deficiencias da solicitude que deberan ser corrixidas.

Realizadas as emendas requiridas, con data 30 de abril de 2025 aprobouse por Decreto da Alcaldía o proxecto emendado asinado polo Arquitecto D. Isidro López Yáñez con data 29 de abril de 2025.

A Deputación Provincial da Coruña con data 12 de maio de 2025 comunica ao Concello deficiencias sobre a documentación presentada.

Realizadas as emendas requiridas, con data 3 de xullo de 2025 aprobouse por Decreto da Alcaldía o proxecto emendado asinado polo Arquitecto D. Isidro López Yáñez con data 18 de xuño de 2025.

A Deputación Provincial da Coruña con data 18 de xullo de 2025 comunica ao Concello deficiencias sobre a documentación presentada.

Realizadas as emendas requiridas, con data 8 de agosto de 2025 achégase á Deputación Provincial da Coruña o proxecto emendado asinado polo Arquitecto D. Isidro López Yáñez con data 6 de agosto de 2025.

A Deputación Provincial da Coruña con data 4 de setembro de 2025 comunica ao Concello informe favorable polos Servizos Técnicos do proxecto de data 6 de agosto de 2025 e require aprobación, polo órgano municipal competente, deste último proxecto modificado.

En virtude do exposto RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto MELLORA DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN MEDIOAMBIENTAL RÍO SOR asinado polo Arquitecto D. Isidro López Yáñez con data 6 de agosto de 2025 coa subsanación das emendas requiridas pola Deputación Provincial da Coruña.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución, ós efectos oportunos, á Deputación Provincial da Coruña.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución na primeira sesión que se celebre.

En Mañón, coa data da sinatura electrónica.

O Alcalde D. Alfredo Dovale Pedreira”

4.- APROBACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓNS PARA A MINIMIZACIÓN DAS PERDAS DE AUGA NO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO.

O Sr. Alcalde da conta da porcentaxe do 71 % de perdas de auga establecido no Plan de actuacións para a minimización das perdas de auga no sistema de abastecemento do Concello incluído na Auditoría realizada ó amparo da subvención concedida por Augas de Galicia para o ano 2025; en relación coa mesma manifesta “non son só en fugas, hai que establecer contadores onde non está contabilizado o consumo: piscina, potabilizadoras, áreas recreativas, é necesario renovar os contadores que teñen moitos anos; trátase dun



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

plan de Augas de Galicia para poder recibir subvencións; agora estamos facendo a dixitalización dos depósitos de captación e vanse a poder medir automaticamente os niveis de cloro, turbidez e ph; hai unha empresa que está traballando, Espina e Delfín, de parte de Augas de Galicia; hai unha subvención para facer esta dixitalización.”

Sr. Rego Baamonde, pregunta “Cal é a porcentaxe de subvención”

Sr. Alcalde: “É o 100%”

Sometido o asunto a votación o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar, segundo a Auditoría realizada, o Plan de Actuacións para a minimización das perdas de auga no sistema de abastecemento do Concello de data 12 de setembro de 2025, asinado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Pablo Rojo Losada, colexiado nº 2.525.

A Auditoría para a minimización das perdas de auga no sistema de abastecemento do Concello foi subvencionada por Augas de Galicia por resolución de data 29 de abril de 2025 ó amparo da Resolución do 10 de febreiro de 2025 (DOG de data 24/02/2025).

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Augas de Galicia ós efectos da xustificación da actuación subvencionada.

TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira, para a realización dos actos e a sinatura dos documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

5.- APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 2025/T002/000028, TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE APLICACIÓNS DE GASTO DE DISTINTA ÁREA.

Polo Sr. Alcalde dáse conta do expediente tramitado para a aprobación inicial da modificación de créditos na modalidade de transferencia de créditos., sinalando “houbo que facer urxentemente pozos de barrena porque quedouse sen auga e houbo que comprar bombas; os pozos están dando unha cantidade de 5000 litros”

Sr. Rego Baamonde pregunta “si hai que bombear”

Sr. Alcalde: “ Sí; son cousas que non estaban previstas”

Sr. Martín Rego, pregunta “De onde saen os cartos para a modificación”

Responde o Sr. Calvín Fondevila”

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 2025/T002/000028, na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distintas áreas de gasto co seguinte detalle:

Aplicación		Descripción	Créditos iniciales	Transf. de crédito	Créditos finales
Progr.	Económ.				
454	61900	Caminos vecinales. Inversión de reposición de infraestructuras y bienes de uso general.	25.000,00	-12.000,00	13.000,00
920	63200	Administración general. Edificios y otras construcciones.	30.000,00	-7.000,00	23.000,00



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

161	62300	Abastecimiento de agua potable. Inversión nueva en maquinaria asociada al func. de los servicios	1.200,00	6.500,00	7.700,00
161	61900	Abastecimiento de agua potable. Inversión de reposición en infraestruc. y bienes de uso general.	0,00	12.500,00	12.500,00

SEGUNDO.- Expoñer ó público a expediente mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello polo prazo de quince días hábiles, durante os que os interesados poderán examinar e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación.

TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira, para a realización dos actos e a sinatura dos documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Iniciado o turno de rogos e preguntas o Sr. Alcalde concede a palabra e inicia as intervencións o Sr. González Trasancos que formula as seguintes:

- “*Vín hoxe a mediodía un camiión que poñía sinalización, van a facer algo en Bares?*”

Sr. Alcalde: “*Hoxe mesmo chamamos porque están tardando en pintar a carretera*”

Sr. González Trasancos: “*Parece que van a facer paso de cebra na mesma curva, é peligroso*”

Sr. Alcalde: “*Mañá vou a velo*”

- Sr. González Trasancos, pregunta “*Porque houbo menos vixiancia en Bares*”
Sr. Alcalde: “*Eu ver vexos e hai veces que veñen dende San Sadurniño e Valdoviño*”

- Sr. González Trasancos: “*Dada a masificación de coches sería necesario cortar a entrada no vao*”

Sr. Alcalde: “*Haberá que restrinxir o tráfico*”

Sr. González Trasancos: “*Haberá que intentar buscar unha solución; cada vez é peor; igual hai que chamar a Guardia Civil; hai que mirar que si pasa algo no centro do pobo, non hai saída; é triste que vaian para o Hostal e que vaian coa maletas chovendo*”.

- Sr. González Trasancos, pregunta “*Cortaches o árbol para a mesa*”

Sr. Alcalde: “*Xa entendín a indirecta*”

Sr. Rego Baamonde: “*Entender entenderías pero non lle fas caso*”

A continuación inicia as intervencións o Sr. Rego Baamonde que formula as seguintes:

- “*Xa van tres plenos falándoches do mesmo e seguirei, fixeches algo sobre a ITV?*”

Sr. Alcalde: “*Presentouse a solicitude; o que van a contestar non o sei; todo o que pediron enviouse*”

- Sr. Rego Baamonde, pregunta “*Intersección da AC-101*”

Sr. Alcalde: “*Estou en elo; cando o teña xa che digo*”



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

- Sr. Rego Baamonde: *“Saída en curva, saída en pendiente, temos todas as agravantes para que o concedan”*

- Sr. Rego Baamonde, pregunta *“Residencia da Terceira Idade”*

Sr. Alcalde: *“Tamén estamos en veremos”*

- Sr. Rego Baamonde, pregunta polo *“administrativo da Oficina Comarcal de Ortigueira”*

Sr. Calvín Fondevila: *“O primeiro está alí agora”*

Sr. Rego Baamonde: *“Vaise a ir en dous meses”*

Sr. Calvín Fondevila: *“Mañá pregunto á Delegada; sei que está de baixa a xefa de área e Celia que está de vacacións”*

Sr. Rego Baamonde, pregunta polo segundo administrativo

Sr. Calvín Fondevila: *Nosoutros estamos igual de interesados en que haxa servizos; falamos coa delegada e dígoche o que me dí; díxome que era moi complicado esa segunda praza, que non lle interesaba a moita xente”*

Sr. Rego Baamonde: *“Un administrativo que veña da Coruña moi cómodo e económico non lle é; un incentivo podería ser poñelo no seguinte escalafón para que se quedara; paréceme que hai que facer presión dalgún lado”.*

Sr. Freire Gómez: *“Non parece moi fácil facer eso”*

Sr. Alcalde: *“A Lei hai que cumplila”*

Sr. Rego Baamonde *“Ninguén dí de non cumprir a lei”*

Sr. Rego Baamonde pregunta *“polo escolar de Freitido”*

Sr. Alcalde: *“Estamos co tema do acceso”*

Sr. Rego Baamonde pregunta *“qué pasa, que o consideran perigoso ou qué”*

Sr. Alcalde: *“Hai que cambiar a entrada, faise antes de chegar ó escolar á dereita; hai que solucionalo”*

Sr. Rego Baamonde. *“Escolar de Campo Azcoito, está esfondado o tellado”*

Sr. Alcalde: *“Haberá que facerlle o tellado novo e o piso”*

Sr. Alcalde: *“Ordenanza forestal, en qué fase está”*

Sr. Alcalde: *“Estáse terminando”*

Sr. Rego Baamonde: *“Leva tres anos, case catro”*

Sr. Alcalde: *“Hai que mirar que se vai a facer coa fianza, se se pide fianza por traballo ou por varios traballos; tamén hai que mirar se hai subcontratistas quen vai a depositala”*

Sr. Rego Baamonde pregunta *“O turismo este ano qué tal foi”*

Sr. Alcalde: *“Xa o dixo Alfredo que non se collía; aínda foi mellor en Bares que no Barqueiro”*

Sr. Rego Baamonde pregunta *“pola oficina de turismo”*

Sr. Alcalde: *“Solo está aberta en agosto; hai que mirar os rexistros”*

Sr. Rego Baamonde pregunta *“Porqué non se cortou o tráfico este ano; o máis normal sería facer unha dirección única durante todo o ano”*

Sr. Alcalde: *“O resto do ano non temos problemas; os problemas son en xullo e agosto”*



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Sr. Rego Baamonde pregunta “Base Americana , qué pasa”

Sr. Alcalde: “Houbo unha reunión con Ángeles Vázquez e pregunteille sobre o tema; hai tres edificios catalogados por Costas, O Faro, A Base e o Fabriquín; volvimos a mandar a documentación do Fabriquín, agora é de Medio Rural; están facendo unha guía de todos os edificios que hai en Costas e van a sinalar os usos”

Sr. González Trasancos: “Hai que vallalo porque métense dentro” pregunta este Concelleiro polo paseo marítimo se non o deixan arreglar”

Sr. Alcalde responde “Sí, pero ten que arranxalo o Concello”

Sr. González Trasancos: “ É preferible quitalo antes de estar como está”

Sr. Alcalde: “O paseo non está mal, o que está mal é a barandilla”

Sr. Rego Baamonde, pregunta “Vía de alta capacidade, sábese algo dela”

Sr. Alcalde: “Deixaron unha cantidade de cartos para expropiacións pero de ahí non pasa”

Sr. Rego Baamonde: “ recollida de basuras nas zonas rurais, non me parece de recibo que vaian a recollela nas Grañas cada 15 días e que a xente teña que tela nas súas casas”

Sr. Alcalde: “Hai contenedores que están con restos de obras, restos de limpeza de fincas e ten a orde de que non o recollan; no se paga o mesmo que no Barqueiro”

Sr. Rego Baamonde: “Eso non mo dixeches”

Sr. Alcalde: “Sí que cho dixen”

Sr. Rego Baamonde pregunta polo tema do vidro e o Sr. Alcalde responde: “ Hai que insistir para que o recollan, non lle gusta moito ir ás Grañas, ten un camiión pequeno”

Sr. Rego Baamonde: “ A recollida de plástico e cartón é como o do vidro ou peor”

Sr. Alcalde: “Temos que estar vixiando para saber si van ou non; o de cartón funciona bastante ben”

Sr. Rego Baamonde pregunta “Quedan contratados laborales ou rematan? En todo o vran cántos temporales houbo?”

Sr. Alcalde: “Máis ou menos 21 ou 22; ata o 15 de outubro quedan dez de brigadas de montes”

Sr. Rego Baamonde pregunta porque o Pleno pasado foi ás 8 e o Sr. Alcalde responde que “algo teriamos e ven viches que este volve a ser ás 9”

Sr. González Trasancos pregunta “O do camiión, cómo vai”

Sr. alcalde: ”Entregano a semana que ven”

Sr. Rego Baamonde: “ Cando se fan presentacións de cousas non se chama a ninguén, nin se nos comunica nada, non sei si é que vos estorbamos”

Sr. Alcalde: “Non nos estorbades para nada”

Sr. Rego Baamonde: “Están os horarios, a veces podemos asistir a algún, pero, polo menos, que se nos avise”

Sr. Alcalde: “Non hai problema por eso; iso é fácil de solucionar”



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Ás 22:17 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Mañón, coa data da sinatura electrónica.

A secretaria, Dna. María Valiña Garrido

O alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira